Bases

- **Participantes e categorías**. Pode presentarse calquera persoa alumna da EOI de Ribadeo de xeito individual, ainda que se admite a asistencia de quen o/a participante considere oportuno.

Existen tres categorías por idioma: A, B e C, segundo o nivel de lingua que se posúa.

O alumnado inscrito en varias linguas, pode presentar tantos traballos como linguas.

- **Obra.** O formato é aberto: pódese presentar un relato, clip de vídeo, cómic ou calquera modalidade artística que se desexe.

A lingua empregada pode ser a lingua obxecto de estudo ou a lingua galega, en calquera caso, pódese presentar o mesmo relato en ambas linguas.

Non se aceptarán obras que fomenten a discriminación, violencia ou que sexan consideradas inapropiadas.

- **Tema.** A temática deberá xirar entorno á *"Pantasma da Casa do Óptico"*.
- **Xurado.** Haberá dous tipos de votacións: unha realizada polos departamentos das respectivas linguas baseándose nunha rúbrica de corrección, na que se terán en conta criterios como a orixinalidade e a creatividade e outra, baseada nos votos obtidos en instagram, que en última instancia decantarán os posibles empates.
- **Recepción.** Xunto ao produto presentado, indicarase NOME, LINGUA e CATEGORÍA á que se presenta, sendo:
    - A = Básico (cursos de nivel A1 e A2)
    - B = Intermedio (cursos de nivel B1 e B2)
    - C = Avanzado (cursos de nivel C1 e C2)

Os datos mais o arquivo ou ligazón ao produto presentado enviaranse ao correo: biblioteca.eoiribadeo@gmail.com indicando no asunto SAMAÍN.

- **Prazo.** O prazo de presentación de traballos remata o xoves 16 de novembro de 2023. A partir dese mesmo día, publicaranse de xeito anónimo os produtos presentados para a sua valoración. Este proceso permanecerá aberto ata o 26 de novembro.
- **Fallo do xurado:** Na derradeira semana de novembro comunicaranse as persoas gañadoras, especificando Nome, nivel e lingua pola que participa.
- **Premio.** Concederanse tres terroríficos 1ª premios por lingua, un por cada categoría, resultando premiado o mellor valorado polo profesorado e resto de alumnado. Se algunha categoria quedara deserta, o xurado resérvase o dereito de conceder algún 2º premio.

Os premios entregaranse de xeito persoal e presencial na aula, ao longo da derradeira semana de novembro.

A participación neste concurso implica a aceptación das presentes bases que supoñen a aceptación da publicación dos produtos resultantes no blog da biblioteca *O soto do óptico*, así como tamén a súa publicidade nas redes da escola.